

#YOSOYCAMPO

BY VIRBAC

JESÚS ALEJANDRO MORALES
(CARBALLO, A CORUÑA)

"Gustaríame volver exercer como veterinario, pero agora estou entregado de cheo ao meu proxecto de queixería"



En vídeo

Hai case dous anos que Jesús Alejandro Morales comezou, xunto co seu cuñado, a fabricar queixos venezolanos con leite 100% galego baixo a marca De mi tierra. Veterinario de profesión, nesta entrega de #YoSoyCampo fala das voltas da vida que o levaron a deixar Venezuela e comezar con este proxecto en Carballo (A Coruña).

O que acadou a queixería De mi tierra en menos de dous anos é, cando menos, sobresaínte: nos seus inicios procesaban 500 litros á semana, actualmente acadan os 3.000 litros ao día; comezaron elaborando tres variedades de queixo, hoxe teñen unha decena no mercado; empezaron a traballar só Alejandro e o seu cuñado; agora contan con outros dous empregados; inicialmente encargábanse eles directamente da comercialización, hoxe en día teñen distribuidores colocando o seu produto nunha ducia de cidades...

Veterinario centrado no manexo de plans reprodutivos e sanitarios para vacas e búfalos, Jesús Alejandro Morales exerceu como tal en Venezuela durante 16 anos ata que, debido á situación do país, iniciou, xunto con boa parte da súa familia, os trámites para mudarse á Coruña e comezar aquí un novo proxecto vital. "O máis difícil para un cando emigra é o tempo que requiren todos os trámites para poder traballar", explica. "Chegar aquí, tras case 16 anos de traxectoria laboral, e ter que parar dous anos faiche pensar en moitas cousas".

A tal reto sumouse que, aos 15 días de aterrar en territorio galego, decretouse o estado de alarma pola pandemia. Así e todo, Alejandro superou os días difíciles e comezou a pensar en posibilidades laborais. Necesitaba a homologación para poder seguir exercendo como veterinario e, mentres iso chegaba, debía buscar alternativas. Traballou durante un breve período muxindo nunha granxa da zona, pero xa por aquel entón comezou a tomar forma na súa cabeza a posibilidade de elaborar queixos típicos de Venezuela, seguindo as ensinanzas que lle deixaran os seus avós. Ese foi o xerme de De mi tierra.

Conseguir leite fresco, comezou a facer probas e, cando el e o seu cuñado viron que había un oco no mercado para a elaboración deste tipo de queixos, empezaron a moverse máis en serio ata que, en xuño de 2022, comezaron a fabricar os seus queixos nunha nave carballesa que contaba coa maquinaria necesaria para estas elaboracións.

De xullo a decembro dese ano, centráronse en dar a coñecer a marca, "percorremos as principais cidades galegas para darlle a todo aquel que podíamos un anaquiño do noso queixo; co tempo, grazas a Deus, encontramos grandes distribuidores que nos acolleron e que axudan a que, hoxe en día, xa estemos un pouco máis estables", destaca Morales. Así, lograron ter produto colocado en establecementos de Ourense, Vigo, Santiago, A Coruña, Ferrol e Lugo e, ademais, xa están presentes en Madrid, en Zaragoza e en distintas zonas de Portugal.

Con unha traxectoria curta pero intensa, esperan converterse en referentes como fabricantes de queixos venezolanos en España e, para iso, apuntan como factores esenciais a perseveranza e contar con bos distribuidores e provedores. "Para nós foi esencial que a cooperativa Co-reber confiase en nós e nos fornecese leite; isto permitiu-nos entrar ao mercado cun queixo fresco, de calidade e sen aditivos", subliña.

Satisfeito co logrado tras o duro proceso de emigrar, afirma que lle gustaría volver exercer a veterinaria –de feito, xa está homologado para traballar en España–, pero, polo de agora, os seus esforzos están centrados en que o seu novo negocio medre: "Como pouco, seguirei ata estar seguro de que o equipo co que traballamos está implicado, porque de nada serve que o leite sexa de gran calidade se, por exemplo, o proceso de envasado ao baleiro se fai mal e o produto se estraga", explica. "Agora", di con orgullo, "estou entregado de cheo ao meu proxecto de queixería".




#YoSoyCampo

¿TE UNES?



Úsalo las veces que necesites durante los 10 días siguientes a su apertura



BOVISAN® DIAR - Emulsión para inyección. Composición: Una dosis (3 ml) contiene: Rotavirus Bovino, inactivado, cepa TM-91, serotipo G6P1 (inactivado) $\geq 6.0 \log_2$ (VNT)* Coronavirus Bovino, inactivado, cepa C-197 (inactivada) $\geq 5.0 \log_2$ (HIT)** *Escherichia coli*, inactivado, cepa EC/17 (inactivada) expresado como F5 (K99) Adhesina ≥ 44.8 % de inhibición (ELISA)*** *VNT - test de neutralización del virus (serología de conejo inducida por 2/3 de la dosis de la vacuna) **HIT - test de inhibición de hemoaglutinación (serología de conejo inducida por 2/3 de la dosis de la vacuna) ***ELISA - Valoración inmunosorbente ligado a enzima (serología de conejo inducida por 2/3 de la dosis de la vacuna) Adjuvante: Montanida ISA 206 VG 1.6 ml. Especies de destino: Bovino (vacas y novillas gestantes). Indicaciones de uso: inmunización activa, con el fin de conferir protección pasiva a sus terneros vía calostro/leche, para reducir la gravedad de la diarrea causada por rotavirus bovino, coronavirus bovino y el enteropatógeno *E. coli* F5 (K99) y reducir la eliminación del virus por los terneros infectados con rotavirus y coronavirus bovino. La inmunidad pasiva se inicia con el calostro y depende de si recibe suficiente calostro después del nacimiento. Vacunar solo animales sanos. Precauciones para el usuario: Este producto contiene aceite mineral. La inyección/autoinyección accidental puede provocar un dolor e hinchazón severo, que en raros casos podría resultar con la pérdida del dedo afectado si no se da atención médica inmediata. Si el dolor persiste más de 12 horas después del examen médico, acudir de nuevo al médico. Reacciones adversas: Frecuentemente hinchazón leve de 5-7 cm de diámetro en el sitio de la inyección y a veces acompañado inicialmente por un aumento de la temperatura local que se resuelve en unos 15 días. Puede observarse un ligero y transitorio incremento de la temperatura (hasta 0.8°C) 24 horas después de la vacunación, que se resuelve dentro de los 4 días después de la vacunación. Posología: Administración im.. Una dosis en cada gestación, administrada en un periodo de 12 - 3 semanas antes de la fecha esperada del parto. Alimentación de calostro: La protección de los terneros depende de la adecuada ingesta de calostro de las vacas vacunadas. Si los terneros no consiguen suficientes anticuerpos por calostro poco después de que nazcan, tendrán fallos de transferencia pasiva de anticuerpos. Es importante que todos los terneros reciban una cantidad suficiente de calostro del primer ordeño en las primeras seis horas después del parto. Se recomienda que se alimenten de al menos 3 litros de calostro dentro de las primeras 24 horas y esta cantidad equivale aproximadamente al 10% del peso de un becerro. Tiempo de espera: Cero días. Conservar en la nevera (2 - 8°C). Proteger de la luz. No congelar. Formatos: 15 ml (5 dosis), 90 ml (30 dosis) y 450 ml (150 dosis) - N° reg: 3301 ESP. Titular: FORTE Healthcare Ltd -Co Dublin (Irlanda). Medicamento sujeto a prescripción veterinaria. Administración bajo control o supervisión del veterinario.

En caso de duda consulte con su veterinario.

Construyendo el futuro
de la salud animal

Virbac